



### ALBERGUE XUVENIL “GANDARÍO” (BERGONDO)

**DATOS XERAIS:** Recinto de 50.000 metros cadrados situado á beira da praia de Gandarío, con instalacións deportivas, laboratorio de aula-mariña, salón de xogos, museos de bioloxía mariña e de arte xove, salas de xuntanzas, zona de acampada con servizos, cuartos colectivos de 6-8 camas e cafetaría.

**ACCESOS:** A 2 km. de Sada, na estrada de Betanzos.

**ENDEREZO:** Complexo Xuvenil Gandarío – Lg. Cornide, 2 – 15167 (Bergondo) – Tfono. 881 880 220

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
01-12 xullo	03-04	<b>ACTIVIDADES NO MAR</b> Ofrecémosche neste campamento un contacto directo coas actividades no mar, e trataremos de promover un bo aproveitamento do tempo libre de forma saudable e de propiciar unha convivencia creativa e enriquecedora, na que disfrutedes do entorno marítimo do albergue (vela, táboa -windsurf-, canoa -kaiak-, paddle surf, wakeboard, aula tic mariña, ...) Desenvolveranse tamén outras actividades como excursións e saídas a lugares cercanos.
18-29 xullo	01-02-03	
2-13 agosto	00-01-02-03	
17-28 agosto	04-05	
1-10 agosto	03-04-05	<b>LABORATORIO DE IDEAS</b> Campamento baseado no emprendemento, a comunicación e oratoria, e o razonamento científico STEAM. Para iso levaranse a cabo actividades que potencien a creatividade, a imaxinación e a autoconfianza para falar en público; pero sen esquecer o tempo libre e de aventura con outras como Windsurf, Kayak, Padelsurf ...
1-8 setembro	04-05	<b>VIDEO MAPPING. FAI VISIBLE O QUE LEVAS DENTRO</b> Campamento baseado no achegamento á composición de videos para representacións nocturnas sobre edificios. Poderás coñecer os principios necesarios para crear animacións de video mediante ferramentas informáticas.
1-8 setembro	04-05	<b>A VISTA DE PAXARO. PRIMEIROS PASOS CON DRONS</b> Poderás achegarte aos fundamentos que permiten a creación, control e vo dun dron, construír o teu propio dron e aprender os elementos básicos do seu funcionamento. Ao final do campamento realizaredes unha xincana de competición coas construcións.



### NORMAS XERAIS:

1. Os/As participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
  2. Ningún/ha participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado polos monitores o día da recepción.
  3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
  4. Poderáse contactar telefónicamente co equipo de monitores no **teléfono 881 880 220, de 15 a 15:45 horas**. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Os participantes poderán chamar por teléfono no tempo libre **despois do xantar e/ou da cea**.
  5. O centro conta con atención sanitaria. Os/As participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais**. O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
  6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro. Organizarase un “banco” onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
  7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
  8. Na páxina web [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) -no apartado de anexos- descargarase a **autorización de fotografías** que se entregará cuberta o día da incorporación (de non tela entregado co resto da documentación)
- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda**, entre as **15,00 e as 17,00 horas** no Albergue Xuvenil de Gandarío (Bergondo)
  - O día de **remate da quenda**, a **recollida dos/as participantes** deberá facerse entre as **10,00 e as 12,00 horas** na mesma instalación.
  - Todos/as os/as participantes deberán levar o seu **DNI** (no caso de telo) e a **tarxeta sanitaria**.
  - **MEDICAMENTOS NO CASO DE TRATAMENTO ESPECÍFICO COA CONSEGUINTE PRESCRICIÓN MÉDICA** (Ver norma xeral n.º 5)



- Dadas as características das actividades a realizar, **aconséllase levar:**

- . Útiles de aseo
- . **Crema protectora solar**
- . Toallas de aseo e de praia
- . Traxes de baño
- . Sandalias pechadas con velcro
- . Sombreiro ou gorra
- . Camisetas
- . Pantalóns curtos ou bermudas
- . Repelente para os mosquitos
- . Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, sudadeiras ou forro polar, ...
- . Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- . Chuvasqueiro
- . Mochila pequena de asa ancha para saídas
- . Bolsa para a roupa sucia
- . Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- . Lanterna
- . Cantimplora
- . Bolígrafo e caderno

### O horario básico da quenda será o seguinte:

- |  |  |
|--|--|
| 08:30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios/tendas                   | 16:00 h. Actividades de tarde (con interrupción para merendar) |
| 09:00 h. Almorzo   | 19:50 h. Remate das actividades da tarde e recollida           |
| 09:30 h. Actíva-T ! (desprazamento de ser o caso)  | 20:10 h. Ducha, tempo libre xestionado                         |
| 10:00 h. Comezo das actividades da mañá (interrupción para tomar un refrixerio)                      | 21:00 h. Cea   |
| 13:50 h. Remate das actividades, recollida e aseo  | 21:30 h Tempo libre xestionado                                 |
| 14:10 h. Xantar  | 22:10 h. Velada  |
| 15:00 h. Aseo  | 23:10 h. escoita activa (espazo de comunicación)               |
| 15:10 h. Tempo libre xestionado e preparación das actividades da tarde (desprazamento de ser o caso) | 23:30 h. Deitarse  |